REUNIÓN DA COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 22 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 12777 (10/POC-002166)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o compromiso do Goberno galego para demandar ao Goberno do Estado a inclusión das asociacións ecoloxistas e das ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito a xustiza gratuíta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

1.2 13173 (10/POC-002298)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a data e o investimento previsto para contar cun proxecto de habilitación do edificio do antigo centro de saúde de Tui co fin de situar nunha sede única os tres xulgados de primeira instancia e instrucción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017

1.3 14328 (10/POC-002645)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre o concurso público convocado para a xestión da limpeza dos edificios administrativos, publicado no BOE con data do 25 de xullo de 2017 e no DOUE do 19 de xullo de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

1.4 14348 (10/POC-002650)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre a recente xurisprudencia no eido contencioso-administrativo que lles recoñece aos funcionarios interinos o dereito a percibir unha indemnización polo tempo traballado, e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia en relación con esta situación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

1.5 15397 (10/POC-002792)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a autorización e a colaboración prestada pola Xunta de Galicia para a realización dunha tourada o día 3 de setembro de 2017 no concello de Moraña, no marco da romaría cabalar, a súa opinión en relación coa promoción deste tipo de espectáculos, así como a asistencia de persoas menores de idade a ese evento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

Punto 2. Proposición non de lei

2.1 7007 (10/PNC-000713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017

2.2 13655 (10/PNC-001276)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Corporación da Radio e Televisión Española para garantir a presenza da lingua galega nos informativos de Televisión Española e os investimentos da Corporación da Radio e Televisión Española dirixidos á produción de cinema e series en galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

2.3 15102 (10/PNC-001322)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do nomeamento de xuíces substitutos para o resto do ano 2017 co fin de atender as situacións de saturación máis urxentes e aquelas que teñan impacto específico na loita contra a violencia de xénero, e en concreto para os xulgados de violencia de Vigo e A Coruña, así como para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 12777(10/POC-002166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o compromiso do Goberno galego para demandar ao Goberno do Estado a inclusión das asociacións ecoloxistas e das ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito a xustiza gratuíta

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 13:11
Nº Rexistro: 12777
Data envio: 17/07/2017 13:11:27.134

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O servizo público da Xustiza é básico para a vertebración do Estado Social e Democrático de Dereito. Porque os dereitos valen o que valen as súas garantías e a última garantía dos dereitos é sempre a xurisdicional.

Coa crise como oportunidade, dende a chegada do PP ao Goberno do Estado e da Xunta de Galicia iniciouse un proceso constante de desmantelamento de dereitos e liberdades, tamén na Xustiza coa regresiva implantación das taxas xudiciais, que foron parcialmente declaradas inconstitucionais, para as persoas físicas, polo Tribunal Constitucional (en adiante, TC) en sentenza do 21 de xullo de 2016. A propia sentenza facía referencia á outra sentenza do TC (a 20/2012), que as admitiu no orde contencioso-administrativo sempre que fose para asegurar o control das administracións públicas, asegurando a suxeición destas ao imperio da lei. Nesta tarefa, dicía o TC no ano 2012, a cidadanía xoga un papel decisivo, polo que a eficacia do control xudicial da actividade administrativa se anuda á necesidade de que non se entorpeza inxustificadamente a promoción de pretensións xudiciais, incluídas as entidades representativas de intereses colectivos e difusos, como as asociacións ecoloxistas.

Foron estas asociacións as que denunciaron que os procedementos contra proxectos que impliquen graves impactos ambientais se encarecerían notablemente, facendo imposible o inicio deste tipo de procesos. E iso cando o propio convenio de Aarhus, ratificado por España en 2005, manifesta no seu artigo 9 que os estados han de velar polo acceso á xustiza de forma rápida, gratuíta ou pouco onerosa; ademais de que contemplará a existencia de mecanismos apropiados para eliminar ou reducir os obstáculos financeiros que obstaculicen o acceso á xustiza.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 13:11
Nº Rexistro: 12777
Data envio: 17/07/2017 13:11:27.134

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Nestes días, “Amigos de la Tierra”, “Ecologistas en Acción”, “Greenpeace”, “SEO/BirdLife” e “WWF” teñen reclamado á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que cumpra o compromiso do Goberno do PP de incluír ás ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito á xustiza gratuíta, compromiso xa dos ministros Miguel Arias Cañete e Alberto Ruiz Gallardón e promesa do PP no seu programa electoral.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que a eficacia do control xudicial da actividade administrativa está vinculada ao non entorpecemento da promoción de pretensións xudiciais polas asociacións ecoloxistas e ONG ambientais?
2. Coincide o Goberno galego coa denuncia destas entidades de que, como consecuencia da imposición das taxas xudiciais, os procedementos contra proxectos que impliquen graves impactos ambientais se encarecerán e se fará imposible logo o seu inicio?
3. Vaise comprometer o Goberno galego a demandar do Goberno do Estado a inclusión das asociacións ecoloxistas e das ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito á xustiza gratuíta?

Pazo do Parlamento, 7 de xullo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/07/2017 16:45:42

Noela Blanco Rodríguez na data 10/07/2017 16:45:47

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/07/2017 16:45:52

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2017 13:11
Nº Rexistro: 12777
Data envio: 17/07/2017 13:11:27.134

Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/07/2017 16:45:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 13173(10/POC-002298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a data e o investimento previsto para contar cun proxecto de habilitación do edificio do antigo centro de saúde de Tui co fin de situar nunha sede única os tres xulgados de primeira instancia e instrucción

Publicación da iniciativa, 159, 07.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:27
Nº Rexistro: 13173
Data envio: 27/07/2017 13:27:36.393

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Moisés Rodríguez Pérez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, xustiza e Interior.**

Na actualidade o partido xudicial de Tui conta con tresxulgados de primeira instancia e instrución. Os xulgados nº 1 e nº 2 están nun edificio propio da Xunta de Galicia transferido no ano 1995 polo Estado, onde tamén está a Policía Local da Vila, e sen posibilidade de albergar outra nova unidade xudicial.

Tras a creación e posta en funcionamento do xulgado instancia e instrución nº 3 de Tui, coa colaboración do concello mediante a cesión dun local na zona histórica, habilitouse os espazos propios para o novo xulgado de xeito provisional.

Sabemos que nos orzamentos aprobados para o ano 2017 se prevé unha partida para habilitar o antigo edificio do Centro de saúde de titularidade estatal, e así, reubicar nunha única sede os tres xulgados.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

1. Realizouse a cesión do antigo centro de saúde de Tui para así reubicar nunha única sede os tres xulgados?

2. Cal é a data prevista para contar cun proxecto de habilitación do edificio, así como a data aproximada para a licitación da obra?

3. Cal será o investimento total desta nova sede xudicial?

Santiago de Compostela, 27 de Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/07/2017 13:23:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 13:27
Nº Rexistro: 13173
Data envio: 27/07/2017 13:27:36.393

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/07/2017 13:23:27

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2017 13:23:54

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2017 13:24:11

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2017 13:24:20

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2017 13:24:45

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/07/2017 13:25:18

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2017 13:25:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 14328(10/POC-002645)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre o concurso público convocado para a xestión da limpeza dos edificios administrativos, publicado no BOE con data do 25 de xullo de 2017 e no DOUE do 19 de xullo de 2017

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14328
Data envio: 11/08/2017 13:51:14.879

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, **Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate en **Comisión.**

A Xunta de Galicia licitou mediante concurso público a xestión da limpeza dos edificios administrativos a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicado no BOE con data de 25 de xullo de 2017 e no DOUE o 19 de xullo do 2017.

Este mesmo contrato xa fora obxecto de licitación a principios de ano, con data de 25 de xaneiro de 2017, mediante un macroconcurso, e cuns pregos de contratación que na práctica supuxeron que só puidesen concorrer a el catro grandes empresas de fóra de Galicia. A consecuencia práctica daquela foi a expulsión de todas as empresas do sector, pequenas e medianas, con sede tributaria en Galicia que dan emprego a miles de traballadoras.

O resultado do contrato supuña unha vulneración da normativa comunitaria 2014/24/UE e da galega, a Lei 14/2013 no seu artigo 29, posto que as dúas ían encamiñadas a redactar os pregos de contratación mediante a existencia de lotes que fixesen accesible o contrato a PEMES.

Despois da protesta do sector, e durante a tramitación do expediente recibiríanse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza escritos contra o macro-concurso. Finalmente, por parte desta Secretaría solicitaríase unha auditoría externa, para verificar se a organización

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14328
Data envio: 11/08/2017 13:51:14.879

contida nos pregos era a máis axeitada para prestar o servizo de limpeza. O informe da auditoría confirmou os presaxios do sector: a incorporación de novos centros na licitación supoñía incluír un elevado número de traballadores e locais moi diferentes e dispersos xeograficamente, polo que se xerarían dificultades operativas, no momento inicial e na xestión diaria do contrato. Ademais, a suposta vantaxe de ter un único interlocutor minguaba, co conseguinte prexuízo para o interese público.

A Xunta de Galicia renunciou á subscrición do contrato do servizo de limpeza e desistiu na adxudicación o 9 de xuño de 2017.

Agora, ca inminente transposición das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esgotado xa o prazo da súa transposición (que remataba o 18 de abril do 2017, data a partir da que se pode invocar o efecto directo das mesmas) mediante a nova Lei de Contratos do Sector Público, aprobado no Congreso e en tramitación no Senado, a Xunta de Galicia volve convocar o concurso de limpeza con data de 25 de xullo de 2017.

Nesta ocasión o macro-concurso reparte a licitación en tres lotes, pero dun xeito formal, xa que cunha ollada constátase a diferenza entre o Lote 1 cun orzamento base de licitación estimado en 12.352.973,93 euros (Servizo de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia), e o Lote 2: 746.681,12 euros (Servizo de limpeza dos edificios e dependencias da Axencia de Turismo de Galicia e dos edificios do Centro Superior de Hostalaría de Galicia) e Lote 3: por valor de 485.431,76 euros (Servizo de limpeza da sede do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 e da Academia Galega de Seguridade Pública, na Estrada).

A data límite de presentación de ofertas é 28 de agosto de 2017, ás 14:00 horas. A convocatoria un día festivo, como é o Día Nacional de Galicia, ca publicación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14328
Data envio: 11/08/2017 13:51:14.879

no BOE o 25 de xullo, e co prazo escaso dun mes ata o 28 de agosto, data de vacacións para milleiros de persoas, fai sospeitar das consecuencias prácticas de dita convocatoria.

Estamos ante o mesmo macroconcurso orixinal, con tintes formalistas, dividindo o mesmo en lotes, pero mantendo un lote en orzamento e centros desproporcionado que é o lote nº 1.

Sospeitase que despois a este se irán engadindo novos centros, e facéndose ampliacións e prórrogas que xa se contemplan na propia licitación.

Así pois outra vez as PEMES galegas do sector limpeza volverán quedar fóra, prexudicando o tecido empresarial e a creación de emprego de calidade e duradeiro, tan falto do establecemento de xente nova que garanta un futuro estable para o noso país.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión:

1.- Por que se licitou o concurso en lotes tan desproporcionados?

2.- A vista das ampliacións,vanse incluír novos centros no lote número 1? E nos restantes lotes?

3.- cal é a razón para que só existan tres lotes e non máis? Non sería conveniente dividir en máis lotes o total do lote 1?

4.- Por que insiste a Xunta en facer un macroconcurso co lote número 1? Por que hai tanta desproporción orzamentaria e de centros entre os tres lotes?

5.- Por que se agardou tanto a convocar un novo concurso de limpeza? Por que se publicou o día 25 de xullo no BOE? Que razóns hai para que o expediente se tramite no mes de agosto?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14328
Data envio: 11/08/2017 13:51:14.879

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

6.- Está prevista unha ampliación do prazo de presentación de solicitudes?

7.- Cal é a razón para facer a licitación mediante tres lotes? Conséguese levar a cabo as recomendacións da auditoría independente externa que estableceu a inoperatividade e contrario ao interese público a existencia dun único interlocutor no lote número 1 inda que sexa o máis grande? Como se integrarán os centros que faltan neste concurso? Farase unha nova licitación? Incluiranse no lote número 1?

8.- Por que non existe unha xuntanza co sector da limpeza para ver cal é a forma máis idónea de levar a cabo a xestión e o control da limpeza dos centros?

9.- Cre a Xunta que está a respectar o cumprimento das Directivas europeas en materia de contratación do sector público?

10.- Por que a Xunta a través da contratación pública non é quen de garantir a creación e o mantemento de emprego a través do tecido empresarial existente?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 13:51
Nº Rexistro: 14328
Data envio: 11/08/2017 13:51:14.879

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 11/08/2017 13:49:52

Paula Vázquez Verao na data 11/08/2017 13:50:00

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/08/2017 13:50:03

Juan José Merlo Lorenzo na data 11/08/2017 13:50:09

Carmen Santos Queiruga na data 11/08/2017 13:50:11

Antón Sánchez García na data 11/08/2017 13:50:18

Eva Solla Fernández na data 11/08/2017 13:50:21

Luca Chao Pérez na data 11/08/2017 13:50:23

Paula Quinteiro Araújo na data 11/08/2017 13:50:26

Magdalena Barahona Martín na data 11/08/2017 13:50:29

José Manuel Lago Peñas na data 11/08/2017 13:50:32

Francisco Casal Vidal na data 11/08/2017 13:50:35

David Rodríguez Estévez na data 11/08/2017 13:50:38

Marcos Cal Ogando na data 11/08/2017 13:50:41

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 14348(10/POC-002650)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a recente xurisprudencia no eido contencioso-administrativo que lles recoñece aos funcionarios interinos o dereito a percibir unha indemnización polo tempo traballado, e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia en relación con esta situación

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2017 12:18
Nº Rexistro: 14348
Data envio: 17/08/2017 12:18:51.694

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 1.ª,** relativa á situación dos funcionarios interinos no sistema público autonómico galego.

A precarización que sofren os empregados públicos autonómicos desde o 2009 é unha realidade innegable. A temporalidade non fixo máis que aumentar de forma progresiva nos últimos 8 anos, de feito un dos sectores máis afectados foi o persoal de docentes non universitarios, que ademais de ver reducida a súa plantilla en máis de 1.500 profesionais, o seu número de interinos pasaron de ser o 6,31% no 2009 ao 14,87% durante o último ano. Estamos polo tanto, ante un aumento da temporalidade que afecta claramente aos dereitos dos traballadores.

Concretamente en Xullo deste ano, unha sentenza ditada polo xulgado Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, recoñece a un profesor interino o dereito a percibir unha indemnización polo tempo que estivo realizando unha substitución. A sentenza recoñece unha indemnización de 20 días por ano traballado, similar á que corresponde a un despido por razóns obxectivas, técnicas, económicas, organizativas ou de produción. Argumentase que "a mera temporalidade" da relación contractual non exclúe o dereito a ser indemnizado ao contradicir o principio de igualdade da Directiva europea.

Esta resolución senta un precedente, xa que ata agora os tribunais españois só se pronunciaron a favor do persoal laboral das administracións, sen recoñecer este

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2017 12:18
Nº Rexistro: 14348
Data envio: 17/08/2017 12:18:51.694

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

dereito aos funcionarios interinos. Calcúlase que actualmente existen en España máis de 250.000 persoas nunha situación semellante, moitas delas traballando no sistema público autonómico galego. Varios sindicatos avisan de que se as administracións públicas non actúan para solucionar a problemática da temporalidade, poderíamos atoparnos ante milleiros de demandas que chegarían a colapsar os xulgados.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para ao seu debate en Comisión:

1. Que opinión lle merece esta sentenza?
2. Cal é o número de afectados no sistema público autonómico galego?
3. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante os novos casos que se poden producir?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 17/08/2017 11:23:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2017 12:18
Nº Rexistro: 14348
Data envio: 17/08/2017 12:18:51.694

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 17/08/2017 11:24:03

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 15397(10/POC-002792)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a autorización e a colaboración prestada pola Xunta de Galicia para a realización dunha tourada o día 3 de setembro de 2017 no concello de Moraña, no marco da romaría cabalar, a súa opinión en relación coa promoción deste tipo de espectáculos, así como a asistencia de persoas menores de idade a ese evento

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:55
Nº Rexistro: 15397
Data envio: 05/09/2017 12:55:30.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado domingo 3 de setembro tivo lugar, no marco da romaría cabalar, un ‘espectáculo taurino` no Concello de Moraña, onde a Xunta aparecía nun dos cartaces como institución colaboradora.

Con este tipo de espectáculos trátase de promover tradicións foráneas como as capeas, as touradas, tentadeiros e outros eventos de maltrato animal que nada teñen que ver coa nosa realidade cultural.

Polo anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que tipo de colaboración lle prestou a Xunta de Galiza a este evento taurino?

2. Autorizou a Xunta de Galiza a celebración deste espectáculo taurino?

3. Comparte o goberno galego os intentos de promover estes espectáculos de maltrato animal alleos á cultura galega?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:55
Nº Rexistro: 15397
Data envio: 05/09/2017 12:55:30.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Que opinión lle merece ao goberno galego a asistencia de nenos e nenas menores de idade a este evento?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2017 12:54:14

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2017 12:54:21

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2017 12:54:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2017 12:54:26

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2017 12:54:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 12:55
Nº Rexistro: 15397
Data envio: 05/09/2017 12:55:30.367

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2017 12:54:30

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposición non de lei

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7007(10/PNC-000713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso das pemes aos contratos públicos autonómicos, en concreto, no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:52
Nº Rexistro: 7007
Data envio: 23/03/2017 16:52:36.788

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodriguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Comité de Empresa de Compostela do Grupo Norte-Limpeza da Xunta de Galicia dirixiuse aos grupos parlamentarios para expoñer irregularidades que están a apreciar na licitación actual dos servizos de limpeza de edificios administrativos da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, as catro asociacións provinciais de Empresarios da Limpeza de Edificios e Locais veñen de transmitir a súa preocupación e inquedanza neste sector pola convocatoria deste "macroconcurso".

Concretamente, refírense os axentes económicos e sociais á licitación anunciada pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante Resolución publicada no DOG núm. 17 do 25 de xaneiro de 2017, suxeita a regulación harmonizada, *do servizo de limpeza dos edificios administrativos e outros locais do sector público autonómico e doutros organismos e administracións adheridos a este sistema de contratación centralizada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, adxudicación baseada en multicriterios e como anticipado de gasto*.

O valor total estimado deste contrato ascende a 45.103.279,32 euros, sen división en lotes, e con un prazo de execución de vinte e catro meses, prorrogable por un prazo máximo igual ao do contrato.

O prazo de presentación de ofertas ten rematado o pasado 13 de febreiro de 2017, e con data 23 de febreiro realizouse a apertura do sobre B "Documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliables automaticamente".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:52
Nº Rexistro: 7007
Data envio: 23/03/2017 16:52:36.788

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O dito Comité de empresa esixe a paralización desta licitación xa que por parte da Consellería non se lle ten enviado a documentación relativa á oferta presentada pola actual adxudicataria, que contén información de carácter laboral precisa para verificar o cumprimento do contrato e a corrección das prescricións da actual licitación en materia de cadro de persoal, compromisos de substitucións e quendas de traballo.

Neste sentido, obsérvase que son moitas as consultas e dúbidas que as empresas interesadas formularon no perfil do contratante para esta licitación.

As asociacións empresariais do sector consideran que mentres a normativa comunitaria, e a propia lexislación da Xunta de Galicia, camiña decididamente a favor de facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos, paradoxalmente, na práctica encontrámonos coa decisión do Goberno galego, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de licitar este concurso para os servizos de limpeza dos edificios administrativos e outros locais da Xunta por un importe de 45 millóns de euros, impedindo de forma clara a participación das pequenas e medianas empresas do sector. O importe acumulado deste contrato, a falta de división en lotes, exclúe directamente ás Pemes, que non poden facer fronte ás condicións económicas desta licitación.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a facilitar o acceso das Pemes aos contratos públicos autonómicos con carácter xeral, e con carácter concreto no sector dos servizos de limpeza de edificios e locais.

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2017 16:17:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:17:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2017 16:17:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2017 16:18:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:52
Nº Rexistro: 7007
Data envio: 23/03/2017 16:52:36.788

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2017 16:18:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 13655(10/PNC-001276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Corporación da Radio e Televisión Española para garantir a presenza da lingua galega nos informativos de Televisión Española e os investimentos da Corporación da Radio e Televisión Española dirixidos á produción de cinema e series en galego

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 10:47
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 04/08/2017 10:47:57.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión de control da CRTVE**, sobre a presenza da lingua galega nos informativos da TVE e os investimentos da Corporación da RTVE dirixidos á produción de cinema e series en galego

Na Lei 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión pública de titularidade estatal sinálase entre as encomendas do servizo público a promoción da cohesión territorial, a pluralidade e a diversidade lingüística e cultural do Estado español; así como a proxección exterior das linguas e culturas existentes neste espazo político (artigo 3).

Con estes obxectivos tense adaptado a estrutura da CRTVE co obxectivo de atender de maneira acaída as funcións de servizo público (artigo 7) a través das desconexións territoriais que se desenvolven nas correspondentes linguas propias de aqueles territorios que, como acontece na Galiza, as teñen.

Así mesmo, o Manual de estilo da Corporación de RTVE sinala como principal mecanismo para garantir o respecto desa pluralidade e diversidade cultural e lingüística o subtitulado das intervencións que se produzan en calquera outro idioma que non for o castelán.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 10:47
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 04/08/2017 10:47:57.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, e como denuncia a CGT, desde as distintas xefaturas da CRTVE requírese ao cadro de persoal que cando recollan as declaracións de persoas (denominadas totais) o fagan tanto en galego coma en castelán coa finalidade de que poidan ser inseridas na lingua orixinal na desconexión territorial mais en español cando se incorporen aos informativos estatais.

Unha práctica que non comezou agora senón da que consta unha queixa rexistrada pola CNT perante o Consello de Informativos da CRTVE no ano 2014. Así mesmo, e despois de analizaren até 65 informativos da TVE nos dous horarios de emisión (TD1 e TD2) concluíu a sección sindical da CGT-CRTVE que apenas 10 dos totais recollidos na Galiza contiñan declaracións en lingua galega fronte a 75 en español.

Dito doutra maneira, dos 50’54’’ se información enmarcada no noso país no conxunto dos informativos analizados só 54 segundos contiñan totais en galego. Isto é, o 1,75%.

Así as cousas, o desleixo da CRTVE coa lingua galega non fica só nos informativos. Entre as obrigas legais á que está suxeita a Corporación atópase o investimento do 5% dos seus ingresos na produción de cinema e series. Deses fondos, o 60% debe dirixirse a algunha das linguas oficiais do Estado español, entre elas o galego.

Porén, nun contexto de recortes xeneralizados foi a lingua galega a que máis os padeceu suprimíndose no 75% dos investimentos á produción audiovisual en lingua galega da CRTVE en apenas unha lexislatura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 10:47
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 04/08/2017 10:47:57.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, dos 2,03 millóns de euros que destinaba a CRTVE entre 2008 e 2011 a longametraxes en galego, de 2012 a 2015 esta cifra non chegou aos 500 mil euros.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Dirixirse formalmente á CRTVE para lle lembrar as súas obrigas legais reclamando que nas desconexións territoriais e nos informativos estatais se garanta a presenza da lingua galega nas declaracións persoais (totais) que integren as novas sendo esta a lingua que priorizarán xunto co seu subtitulado cando as emisións se dirixan ao conxunto do Estado.

b) Dirixirse formalmente á CRTVE para pedir explicacións das razóns polas que se teñen recortado nun 75% os fondos dirixidos á produción de cinema e series en lingua galega entre os anos 2012 e 2015, así como as cifras de investimento correspondentes ao 2016 e 2017.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/08/2017 10:47
Nº Rexistro: 13655
Data envio: 04/08/2017 10:47:57.904

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/08/2017 10:47:13

María Montserrat Prado Cores na data 04/08/2017 10:47:19

Ana Pontón Mondelo na data 04/08/2017 10:47:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/08/2017 10:47:24

Noa Presas Bergantiños na data 04/08/2017 10:47:26

Xosé Luis Bará Torres na data 04/08/2017 10:47:28

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 22.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 15102(10/PNC-001322)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do nomeamento de xuíces substitutos para o resto do ano 2017 co fin de atender as situacións de saturación máis urxentes e aquelas que teñan impacto específico na loita contra a violencia de xénero, e en concreto para os xulgados de violencia de Vigo e A Coruña, así como para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 13:35
Nº Rexistro: 15102
Data envio: 01/09/2017 13:35:34.967

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro e Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento desta Cámara presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª.

Exposición de motivos.

No mes de xullo a primeiros, este grupo parlamentar En Marea tivo coñecemento da decisión do Ministerio de non custear a designación de ningún xuíz substituto no resto do ano 2017, tal e como confirmou o Director Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza nunha reunión en Madrid coas organizacións sindicais.

No mes de agosto o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña deixou de funcionar con normalidade por mor das vacacións da persoa titular, que non foron cubertas por medio dunha substitución.

Agora vimos de saber que o xulgado de Violencia de Xénero de Vigo, o outro especializado en toda Galicia xunto co da Coruña, pedira ao TSXG, no mes de xullo, unha persoa maxistrada de apoio para analizar o elevado número de casos de violencia machista que ten de tramitar e o grave perigo para a vida das mulleres das denuncias tramitadas.

En Vigo e na Coruña, as dúas cidades con máis poboación de Galicia, o caso é especialmente grave posto que ademais de ser os xulgados especializados, tramitan un elevado número de casos e xa se produciron 6 asasinatos de mulleres en Galicia, 3 deles en Vigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 13:35
Nº Rexistro: 15102
Data envio: 01/09/2017 13:35:34.967

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, o grupo parlamentar EN MAREA presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado español para:

1.- Consignar un apartado específico de dotación orzamentaria para proceder ao nomeamento de xuíces/zas substitutas/os para o que queda de ano, que permitan atender as situacións de colapso máis urxentes e aquelas que teñen impacto específico na loita contra a violencia de xénero;

2.- Dotar dunha asignación extraordinaria para nomear provisionalmente dúas persoas maxistradas para desatascar os problemas en concreto dos xulgados de Violencia de Vigo e da Coruña.

3.- Dotar dunha asignación económica complementaria ás CCAA para o nomeamento de persoal funcionario de reforzo.

4.- Facer previsións realistas nas que se recollan con amplitude a dotación orzamentaria dedicada a Xustiza, o seu persoal e ao seu funcionamento garantido un servizo áxil de calidade.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 13:35
Nº Rexistro: 15102
Data envio: 01/09/2017 13:35:34.967

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/09/2017 13:34:11

Carmen Santos Queiruga na data 01/09/2017 13:34:18

Paula Quinteiro Araújo na data 01/09/2017 13:34:25

Paula Vázquez Verao na data 01/09/2017 13:34:32